



Distribuido por

culturagalega.org

---

## Algúns reflexións sobre Abrente, ó fío da MIT

---

Todo ten unha prehistoria ou, o que é o mesmo, nada é porque si. ¿Ninguén se preguntou o motivo de que a Mostra Internacional de Teatro chegue á súa 18 edición precisamente en Ribadavia, a capital do Ribeiro e dos cadaleitos, berce de saudades xudaicas arrolado polo Avia? Habería que remontarse a fins dos 60 para ir atopando unha explicación. Daquela, un grupo de mozos e mozas vivían inquedaos a gris uniformidade que impuña o franquismo, ata que chegaron á vila tres sacerdotes -que logo serían represaliados cun traslado forzoso polas autoridades eclesiásticas, en 'premio' polo seu heterodoxo respecto polos principios envenxélicos- que souberon aglutinar as súas inquedanzas e orientalas cara á cultura: o cine-clube convertiríase así nunha fiestra aberta a outros mundos que semellaban imposibles. No clima de axitación cultural que vivía Galicia a comezos dos 70 -está por escribir a historia do asociacionismo cultural naqueles anos- e que inzaba o país de agrupacións algunhas das cales (Auriense, O Galo, O Facho...) chegarían a ser emblemáticas, a mocidade ribadaviense sumouse ó carro e fundou Abrente, unha asociación máis que -coma todas- quería propiciar un renacer das alienadas conciencias cívicas tras tantos anos de dictadura. Mais os seus promotores souberon dotala dunha personalidade singular e, tras unha análise da situación cultural do momento, decatáronse de que xustamente era o teatro o eido máis desasistido; tanto, que case semellaba non existir. Pero non importaba: eles foron quen de inventalo, e aló marcharon, a percorrer os camiños galegos na procura de grupos de teatro. Chegaron ata San Miguel de Reinante, e polo medio fixeron parada na Coruña, para falaren co xa daquela imprescindible Manuel Lourenzo.

Así empezou todo: en 1973 celebráronse en Ribadavia a primeira Mostra de teatro e o primeiro Concurso de textos teatrais organizados por Abrente. O evento acadaría as oito edicións, sendo a derradeira a de 1980.

¿Cales foron os froitos que Mostra e Concurso lograron para o país? Pois polo que se refire á primeira, foi imprescindible para o artellamento e vertebración diso que a partir de entón se empezou a chamar 'teatro galego': non foi casual que a primeira compañía que se profesionalizou -Antroido- o fixese en 1978 e, dalgún xeito, gracias ó pulo que a existencia de Abrente e a súa actividade supuxeron para a consolidación dunha realidade teatral galega. Pola Mostra pasaron máis de cen compañías, todas galegas agás algunha portuguesa que nos visitou como froito dun afán de vencellar teatralmente ambas beiras do Miño no que as xentes de Abrente tamén foron precursoras. A Mostra foi así ocasión de ver, de gozar, de aprender e de medrar; nela 'desbraváronse' todos: actores, directores, críticos...e espectadores, que tamén tiñamos que aprender a selo, e mesmo os autores, que en moitos casos tiveron ocasión de ver os seus textos postos en escena na propia Mostra. Nalgún caso, para constatar con horror o lonxe que está a literatura do teatro e a ardua tarefa que implica achegalos: cóntao con gracia e sinceridade Martínez Oca nun libro que sobre Abrente está a piques de aparecer, e que será presentado na MIT. Noutros, para completar o ciclo natural, ese que fai que posta en escena sexa o ramo que todo dramaturgo queredría para os seus postos. Isto -que o destino natural dos textos teatrais é seren levados a escena- é algo que viron moi claro os de Abrente, de aí que fomentasen que as compañías que pretendían participar na Mostra o fixesen con textos que concorreran previamente ó Concurso. Era unha maneira lóxica de vencellar ambos eventos.

Dende o punto de vista da nosa historia literaria, o Concurso de textos teatrais forneceunos de máis de oitenta obras. Algunhas (podo dicilo agora, tras lelas todas, conservadas coidadosamente no arquivo de Abrente legado no seu día ó Museo Etnolóxico de Ribadavia) deixan moito que desexar, pero outras constitúen os alicerces sobre os que se edificou a actual literatura dramática galega: foi en Abrente onde se estrearon como dramatur-

gos, ó gañaren o Concurso, Euloxio Ruibal, Manuel Lourenzo e Roberto Vidal Bolaño, con obras como *Zardigot*, *Traxicomedia do vento de Tebas* ou *Bailadela da morte ditosa*, respectivamente. Os tres, hoxe, son protagonistas indiscutibles da escrita teatral en Galicia. E, ademais, os textos do Concurso falánnos con total transparencia das preocupacións daquel tempo: a ditadura, a emigración, a violencia ecolóxica e as súas consecuencias -era o tempo das protestas contra os encoros-, e a incipiente autonomía galega son temas que se repiten obra a obra, convertidos hoxe en memoria daquela época.

¿Por qué morre Abrente? Pois, coma todo, porque remata o seu tempo, o seu ciclo natural: unha vez que o teatro galego aposta definitivamente pola profesionalización, xurden as lóxicas tirapuxas entre organización e protagonistas polo control dun evento que cada ano fora acadando maior axuda institucional. Uns concebíanlo dun xeito, os outros de outro e, para poñelos de acordo, a Mostra reclamaba uns Estatutos que non se chegaron a consensuar. Se a isto lle engadimos que as circunstancias políticas mudaran sensiblemente coa chegada da democracia, facendo que o teatro deixase de ser un reducto clandestino de liberdade de expresión e que perdese así boa parte da función social que viñera desempeñando dende fins dos 60, entenderase ben que o teatro galego tivese que facer un alto no camiño para reubicarse nunha sociedade cada vez máis complexa e plural: novos públicos con novas demandas xurdían no horizonte, e había que conectar con eles, soltando lastre ideolóxico se era preciso. Pero isto xa é outra historia, a da década dos 80.

Abrente tiña que medrar ou morrer, e optou polo segundo. Pero velaí estaban outras persoas dispostas a recoller o facho: achegábanse outros tempos, os da Mostra Internacional, para seguir testemuñando a fe das xentes de Ribadavia no teatro como espacio de encontro entre culturas.

**DOLORES VILAVEDRA**  
Universidade de Santiago  
fgvilave@usc.es